


Un apunte máis sobre a lápida do liberto imperial *Saturninus* en Lugo: aínda “unha area na zoca”

Felipe Arias Vilas



O 7 de xuño de 1973, no transcurso das obras de restauración que se facían na muralla de Lugo logo da eliminación das construcións adosadas ó seu paramento exterior, aparecía reutilizada como sillar no interior da torre de flanqueo sita á dereita da Porta de San Pedro e próxima ó lenzo de muro anexo, unha lápida con inscrición romana, de grandes dimensións e que desde aquela, e xa van aló máis de trinta anos, ven dando que falar a moitos especialistas en epigrafía e prosopografía e, en xeral, en arqueoloxía e historia antiga, non só da *Gallaecia* senón tamén doutras partes do Imperio Romano.

Xa que logo e como ben se pode supoñer, a bibliografía sobre esta lápida é amplísima e moi variada tanto en método como en resultados, e polo tanto remitímonos aquí á última aportación publicada, que

recolle todas as referencias anteriores, a cargo da profesora da Universidade Autónoma de Madrid, Alicia Canto (2002) que, ademais, nos consta que segue traballando no asunto e prepara un novo artigo co que poideran ser importantes novidades na súa lectura e interpretación.

Non queremos nós con esta nota volver sobre dita lectura e interpretación, logo da nosa primeira achega á lápida no mesmo ano da súa aparición, paralelamente á de Nicandro Ares Vázquez, con quen me honro en compartir, por separado pero ó mesmo tempo, a súa difusión para a ciencia epigráfica hispánica (cfr. Ares 1973 e Arias 1973). Con este apuntamento só pretendemos poñer de relevo un dos diversos problemas que, ó noso modo de ver, aínda presenta a lápida, ó tempo que nos interesa difundir a súa importancia nun medio de alcance moi diversificado e a moitos niveis socioculturais como é este Boletín *Croa*. É dicir, non entramos a valorar as diferentes lecturas feitas ate agora das oito liñas (máis para outros autores) da inscrición que, como é sabido, consiste na dedicatoria que fixo un escravo liberto ou liberado pola familia imperial a fins do século II, de nome *Saturninus* e que chegou a ter o cargo de *procurator* en Pérgamo (Asia Menor) e na *Gallaecia* (presumiblemente en Lugo). Segundo as interpretacións máis cabais, Saturnino, de probable orixe africana, dedicou a lápida ós Númens augústeos, a divindades principais como Xúpiter e Xuno, a Venus e (e velaquí está unha das súas particularidades sem-

pre destacadas), a deuses e deusas que virían reflectir coa súa mención o propio currículum ou *cursus* profesional de Saturnino, a saber: Celeste de África, Saturno *Frugifer* de Mérida, e os singulares *Lares Gallaeciarum* (‘das Galicias’, suponse que a Lucense e a Bracarense).

Pero a area que nós aínda temos na zoca ten que ver coa configuración física da pedra granítica que soporta a inscrición, pois desde o primeiro momento se resaltou que as dúas (¿ou tres?) primeiras liñas estaban borradas ou desgastadas, pero todos os autores explican este feito como unha operación para entalar a pedra na muralla e non, como nós propoñiamos en 1973, como produto dunha *damnatio memoriae*, é dicir, unha penalización ou perda forzada do recordo dun emperador ou dun membro da familia imperial, feita sempre, como é lóxico, a posteriori do seu reinado, ou, en todo caso, dun esborallamento intencionado das citadas liñas.

Semella que para todos os autores, o feito de atoparse cunha *damnatio* nesta incrición rompería a lóxica interpretativa escollida en cadanseu caso, ben sexa por cuestións cronolóxicas (a lápida non podería ser dos tempos de Septimio Severo –entre 193 e 211-, nin dos de Caracalla –entre 211 e 217-, que non sufriron aquela penalización da súa memoria, aínda que si de Cómodo –entre 177 e 192), ou ben sexa polo panteón que se quere ver representado nas primeiras liñas, ou sexa en fin por calquera outro razonamento que,

evidentemente, é igual de respectable que discutible.

Pero o que nós seguimos sostendo é que a superficie esborrallada da parte superior da lápida non se fixo para empotrar esta pedra no interior da muralla de Lugo, pois calquera que coñeza minimamente as características arquitectónicas e constructivas desta fortificación urbana, sobre a que traballamos arreo, non pode pensar que se riscan ou se “alisan” ou, ó cabo, se elimina materia pétreo nun grosor de non máis de 2 ou 3 milímetros para encastrar un bloque nuns muros (e moito menos, “apresuradamente” como resaltan algúns autores, e ¡nun macizado interior!), pois no recinto lucense o simple borde irregular doutras pezas, graníticas e pizarrosas, incluso postas á vista, ten esa variable milimétrica ou aínda maior nas súas dimensións.

E moito menos admisible parécenos a primeira apreciación que facía P. Le Roux (1977, en nota 12 bis) de que o martelado das primeiras liñas debía de ser accidental, comparándoo coa liña, que si pode estar martelada ou desgastada accidentalmente, que corre pola aresta situada no comezo do texto epigráfico.

Neste sentido, en cambio, si cadramos conformes en que o brusco e claro rebaixe da parte inferior da lápida poido ser un retallo, duns 4 cm. de fondo, feito para acomodar a pedra na muralla ou mesmo para fincar a peza orixinariamente no chan, pero desde logo non existe similitude ningunha entre este notorio rebaixe e



o levisimo alisado da parte superior do texto, como se pode comprobar non só in situ senón en calquera das moitas reproducións fotográficas feitas desta senlleira lápida, como a que aquí se mostra (fot. 1), debida precisamente a Patrick Le Roux e publicada asimesmo no repertorio epigráfico romano da provincia de Lugo (Arias / Le Roux / Tranoy, 1979, nº 23, lám. IX). Por outra parte, situados, moitas veces, diante da lápida en cuestión, non cremos que exista ningún trazo escrito por baixo da última liña lida (na que se menciona o dedicante), tal como propón recentemente A. Canto (2002), pero agardamos unha nova aportación desta autora, que haberá de botar novas luces, e sen dúbida novos problemas, sobre esta peza epigráfica lucense.

En resume, seguimos crendo que hai unha parte do campo epigráfico borrada con intención de facelo, e por certo mal borrada pois queda-

ron semi-visibles as últimas letras, o que segue permitindo varias hipóteses sobre a súa lectura e interpretación. Máis vidroso parece supoñer unha última liña, pois aínda que hai espacio para ela, non están nada claros os sinais de que tamén fose riscada, se ben nas súas últimas apreciacións, A. Canto (2002, 164-165) fala de letras soltas que pertencerían á fórmula de ofrenda que, en efecto, falta no texto. No estado actual ó que chegou a pedra, é moito máis arriscado supoñer e non digamos xa documentar unha primeira liña na cabeceira da lápida.

Asimesmo, e con independencia das razóns do borrado do campo epigráfico inicial, tamén haberá que chegar a un acordo, se fose posible, sobre se esta pedra era unha simple pero grande ara, con ou sen *foculus* (en todo caso desaparecido/s), ou ben remataba nun ático como peza complementaria pero independente (Blanco 1977), ou se se trata dunha base de estatua (por ex., Rodríguez 1998), ou se era calquera outro tipo de cipo votivo ou honorífico. Por certo, hai que engadir que ningún autor, que nós saibamos, dos que tratamos a lápida nestes trinta anos longos, fixo mención nin interpretación dos dous ocios, aproximadamente cúbicos e duns 10 cm. de lado, que se conservan dispostos e aliñados verticalmente no centro da cara lateral esquerda (segundo se mira) da pedra, sexan orixinais ou de feitura posterior en calquera momento da, polo que se ve, moi atribulada vida da peza (ver foto 2, que debemos a E.

Montenegro Rúa, na que tamén se advirte ben o sinalado sobre o campo epigráfico riscado e alisado nas dúas primeiras liñas)

Sexa como for, o certo é que se o liberto imperial Saturnino quixo pasar á posteridade desde o seu destino na *Gallaecia*, abofé que o con-

seguiu e tal parece, polos debates que continúa suscitando, que o seguirá facendo aínda por bastante tempo.

Referencias bibliográficas citadas:

- ARES VÁZQUEZ, N. (1973): “Hallazgo de tres lápidas romanas”, *Boletín de la Comisión provincial de Monumentos históricos y artísticos de Lugo*, IX, nº 79-80. p. 75-86.
- ARIAS VILAS, F. (1973): “Novo achado epigráfico nas murallas romanas de Lugo”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVIII, fasc. 85, p. 235-243.
- ARIAS VILAS, F. / LE ROUX, P. / TRANOY, A. (1979): *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, (Diffusion de Boccard), Paris.
- BLANCO FREIJEIRO, A. (1977): “El Panteón romano de Lucus Augusti”, *Actas del Coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo, p. 107-122.
- CANTO, A. (2002): en *Hispania Epigraphica*, 8 (1998), (Universidad Complutense), Madrid, p. 163-165.
- LE ROUX, P. (1977): “Lucus Augusti, capitale administrative au Haut-Empire”, *Actas del Coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo*, Lugo, p. 83-105.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (1998): “Africae Caelestis en Lucus Augusti. Aportaciones complementarias a la misión de Saturninus Augusti libertus”, *L’Africa romana. Atti del XII convegno di studi* (Olbia 1996), Sassari, p. 1195-1204.